

RESOLUCIÓN DO 30 DE OUTUBRO DE 2024 AUTORIZANDO ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS.

Visto o acordo do 28 de outubro de 2024 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas, que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.
Natalia Caparrini Marín



ANEXO (Resolución 30 de outubro de 2024)

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código Sigma	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Horas	Créditos recoñecidos
Afectos especiais, a linguaxe do cinema e a súa potencia expresiva	720133	Departamento de Comunicación audiovisual e publicidade (acordo co MARCO)	José Manuel López Fernández	Do 17/10/2024 ao 29/05/2025	36	1,2
Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil "Lecturas dende a diversidade"	720134	Departamento de Didácticas Especiais (acordo coa Asociación Escritoras/es en Lingua Galega)	Carla María Míguez Álvarez	Do 27/09/2024 ao 25/10/2024	15	0,5
Intervención Socioeducativa para Persoas con Alzheimer	720135	Facultade de Educación e Traballo Social (acordo con AFAOR)	María Dolores Dapia Conde	Do 31/01/2025 ao 04/04/2025	60	2
Programa Intensivo Combinado: Obradoiro intercultural colaborativo en liña: Investigación de mercados internacionais para pequenas empresas (BIP)	720136	Facultade de Comercio (convenio BIP coa ORI)	Araceli González Crespán	Do 07/10/2024 ao 28/02/2025	75	3

